



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

CERTIFICADO

**Mª DEL CARMEN SEOANE BOUZAS, SECRETARIA EN ACUMULACIÓN DO
CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)**

**CERTIFICO: Que na sesión de Xunta de Goberno Local celebrada o 13.03.2017
adoptouse o seguinte acordo:**

“5. CONTRATO SUBMINISTRO CAMIÓN-COMPACTADOR R.S.U.

Visto o expediente de adquisición – subministro- dun vehículo compactador de RSU, que foi aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 255/2016, do 5 de xullo de 2016.

Trala celebración de varias mesas de contratación e vistos os incidentes xurdidos durante o procedemento de licitación a mesa de contratación en sesión celebrada o 06.03.2017 propón ao órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:

“O desestimento do contrato, xa que as referidas contradicións, que foron postas de manifesto unha vez iniciada a licitación, poderían vulnerar os principios establecidos na lexislación contractual de non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, de maneira que proceder neste momento á corrección de tal contradición podería situar en desvantaxa aos presentados fronte a aqueles hipotéticos licitadores que, de saber que non existían as mesmas, puideran haberse presentado.

Así mesmo, dados os defectos existentes nos pregos de cláusulas administrativas, como a carencia de fórmula para valorar as ofertas e a preponderancia de criterios subxectivos sobre os obxectivos na valoración das ofertas sen xustificación suficiente, e, co fin de evitar a dilación do procedemento e suplir a falta de asistencia técnica que podería darse de novo, a mesa proponlle ao órgano de contratación que, de iniciarse novamente o contrato, se empreguen criterios obxectivos na licitación como é o prezo, definíndose ben as características do subministro, garantías, etc”.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 16.07.2015, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Desistir do procedemento de contratación de subministro dun vehículo compactador de RSU, aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 255/2016, do 5 de xullo de 2016, por existir contradicións nos pregos que rexen a licitación, que foron postas de manifesto unha vez iniciada a licitación, e que poderían vulnerar os principios establecidos na lexislación contractual de non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, de maneira que proceder neste momento á corrección de tal contradición podería situar en desvantaxa aos presentados fronte a aqueles hipotéticos licitadores que, de saber que non existían as mesmas, puideran haberse presentado.

Segundo.- Notificar este acordo aos licitadores presentados, facéndolles saber que o órgano competente procederá a iniciar un novo procedemento para a contratación das mesmas obras no que poderán tomar participación”.

E para que conste e xurda os efectos oportunos expido o presente certificado, coas salvidades recoñecidas no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Ponteceso, a 15 de marzo de 2017.



Xosé Lois García Carballido

